

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Intervención

Edicto Plan de Control Tributario exercicio 2024

EDICTO

Por resolución do concelleiro delegado de Facenda e Novas Tecnoloxías do 18 de abril de 2024 foi aprobado o Plen de Control Tributario do exercizo 2024. Dito documento contén as directrices xerais de actuación en materia de xestión, inspección e recadación tributaria para o exercizo 2024 e encádrase na obriga que impón a Lei Xeral Tributaria 58/2003, no seu artigo 116 de elaborar un Plan de Control Tributario para o exercizo da potestade e función de comprobación e investigación.

Os **obxetivos fundamentais** do Plan son:

- Exercer as competencias e empregar os instrumentos necesarios para aplicar o sistema tributario municipal daco-
do cos principios de xeneralidade e eficacia.
- Promover o cumprimento voluntario e xeralizado do sistema tributario municipal.
- Controlar a aplicación e funcionamento dos diferentes tributos municipais para detectar, correxir e, no seu caso,
sancionar os incumprimentos.
- Avanzar ata unha administración tributaria dixital e integrada.

De seguido, sistematízanse catro grandes liñas de actuación para este exercizo que fixan os criterios básicos para a prevención do fraude fiscal:

LÍNEA 1. FACILITAR O CUMPRIMENTO ESPONTÁNEO DAS OBRIGAS

Con elo preténdese facilitar o cumprimento espontáneo das obrigas formais e materiais por parte dos contribuintes, limitando así o impacto negativo que poida ter unha falla de información ou unha mala interpretación da norma. Para elo, seguiranse as seguintes directrices:

- 1.1. Facilitarase ao cidadán o cumprimento das súas obrigas poñendo ao seu alcance a información precisa a través de información actualizada na web municipal como mediante campañas informativas.
- 1.2. Seguirase potenciando a domiciliación bancaria como medio de pago dos tributos.
- 1.3. Considerase esencial a calidade e innovación tecnolóxica para o cal será precisa a mellora dos aplicativos de xestión e recadación dos ingresos municipais e así poder alcanzar unha maior eficacia e eficiencia nos procedementos tributarios. Asemade, deberán instarse desenvolvementos informáticos para a mellora continua e mecanización de procedementos que permitan unha xestión máis axil. Deberase avanzar na implantación dos servicios e trámites telemáticos a través dunha oficina virtual tributaria.
- 1.4. Actuacións de información e asistencia para a prevención dos incumprimentos e fomento do cumprimento voluntario.

LÍNEA 2. PREVENCIÓN E CONTROL DOS INCUMPRIMENTOS

- 2.1 Realizaranse traballos de mellora da calidade dos datos tributarios tanto na depuración da existencia e denominación dos terceiros como nos seus domicilios fiscais, pois resulta necesario dispoñer dun domicilio fiscal unificado.
- 2.2 No ámbito da xestión tributaria impulsaranse os procedementos iniciados mediante declaración tributaria, debendo tramitarse no prazo de seis meses fixado pola normativa. Asemade, deberanse acortar os prazos de liquidación para evitar así a dificultade que implica a demora na liquidación para o seu cobro.

En relación cos beneficios fiscais, se verificará o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a súa aplicación.

Potenciarase o censo de obrigados tributarios como instrumento esencial na relación cos contribuintes,

Finalmente, potenciaranse os procedementos de verificación de datos e comprobación limitada nos prazos establecidos fomentando a educación tributaria que consiga unha correcta declaración das bases impositivas.

- 2.3 No ámbito da inspección tributaria potenciarase a actuación investigadora interrelacionada de todos os tributos municipais. As actuacións concretas especificaranse no Plan Parcial de Inspección tributaria.
- 2.4 Continuarase co seguimento das débedas afectadas por procedementos concursales.
- 2.5 Reforzarase a coordinación da área de recadación coas de xestión e inspección e coas unidades xestoras dos ingresos municipais, unificando actuacións e criterios de funcionamento e intensificándose a colaboración con outras áreas para detectar anticipadamente actuacións tendentes a evitar o pago.

Esta coordinación permitirá que a información asociada a cada un dos tributos sexa analizada e tratada cunha visión global.

LÍNEA 3.COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA

- 3.1 Neste ámbito continuarase co intercambio de información interadministrativa e promoveranse actuacións de colaboración e cooperación con institucións e Administracións para obter a información necesaria.
- 3.2 Trárase de impulsar propostas de colaboración con outras Administracións así como a ampliación da colaboración establecida a través dos convenios existentes.

LÍNEA 4. RECURSOS HUMANOS

- 4.1 Deberase traballar na consecución dunha plantilla especializada velando pola formación contínua e motivación dos recursos humanos que permita dar unha resposta adecuada á demanda dos cidadáns.
- 4.2 Potenciarase a dotación de postos de carácter técnico que coadruen á resolución e tramitación de expedientes.
- 4.3 Fomentanse accións formativas internas e externas especializadas.
- 4.4 No ámbito da planificación dos recursos humanos, impulsarase e porase en valor a plantilla, para o cal tratarase de fixar obxetivos claros, concretos e coñecidos asignándose en función da responsabilidade atribuída aos postos e involucrando ao personal na súa definición e consecución. Doutra banda, analizarase as posibilidades de reestructuración das tarefas encomendadas ao personal ao efecto de maximizar a súa eficiencia e motivación.

Narón, 22 de abril de 2024

A alcaldesa

Marián Ferreiro Díaz

2024/2729